



RESOLUCIÓN do 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a relación de centros que continúan impartindo ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) no curso 2020/2021.

Pola Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa reguláronse os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) do curso 2019/20 (<http://www.edu.xunta.gal/fp/normativa-idiomas>).

Pola Resolución do 5 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, fíxose pública a relación de centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP), así como os ciclos formativos autorizados, no curso 2019/2020 (DOG do 17 de setembro).

Nesta situación condicionada pola crise sanitaria provocada polo COVID-19, non se dan as circunstancias axeitadas que dean lugar a unha nova configuración de centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües durante o curso 2020/2021. Porén, é preciso dar continuidade aos centros que xa impartían estes ciclos e que contan coas condicións establecidas en convocatorias anteriores.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de centros autorizados que imparten ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) no curso 2020/2021, así como os ciclos autorizados.

Segundo. Os ciclos formativos plurilingües autorizados regularanse pola Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO

Centros que imparten ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) no curso 2020/2021 e relación de ciclos

Código	Centro	Código	Ciclo	Idioma
15005749	IES Universidade Laboral	S17004	Prevenção de riscos profesionais	Inglés
		SIMA03	Mecatrónica Industrial	Inglés
		SENA02	Energías renovables	Inglés
		SAFD02	Acondicionamento físico	Inglés
15021469	IES Leixa	SARG02	Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia	Inglés
15021482	IES San Clemente	MIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Portugués
		SIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Inglés
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	SSAN01	Audioloxía protésica	Inglés
15024513	CIFP Someso	SFME01	Programación da produción en fabricación mecánica	Inglés
15026753	IES A Pontepedriña	SCOM02	Comercio internacional	Inglés
15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	SHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Inglés
27003175	IES Val do Asma	SADG01	Administración e finanzas (*)	Inglés
		SHOT02	Axencias de viaxes e xestión de eventos (*)	Inglés
		SIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web (*)	Inglés
27006528	CIFP As Mercedes	STMV04	Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina	Inglés
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	SAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva	Inglés
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	SQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	Inglés
		SSAN09	Hixiene bucodental	Inglés
		SIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Inglés
		SSAN05	Laboratorio clínico e biomédico	Inglés
32008914	CPR Santo Cristo	MSAN02	Farmacia e parafarmacia	Inglés
32015050	CIFP A Farixa	SELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos	Inglés
		SHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Inglés
32016285	IES de Vilamarín	SHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Inglés
		SHOT05	Dirección de servizos de restauración	Inglés
		MCOM02	Comercialización de produtos alimentarios	Portugués
		SHOT04	Dirección de cociña	Inglés





32016765	CIFP Portovello	SADG02	Asistencia á dirección	Inglés
		SCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Inglés
36000417	CPR Plurilingüe San Fermín	MCOM01	Actividades comerciais	Inglés
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	BIFC01	Informática e comunicacións	Inglés
		BIFC02	Informática de oficina	Inglés
36011348	CPR San Miguel	BADG01	Servizos administrativos	Inglés
		BCOM01	Servizos comerciais	Inglés
		MADG01	Xestión administrativa	Inglés
		MELE02	Instalacións de telecomunicacións	Inglés
36011853	CPR Daniel Castelao	MADG01	Xestión administrativa	Inglés
		MELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Inglés
		SADG01	Administración e finanzas	Inglés
		SIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Inglés
		SIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Inglés
36013448	CIFP Manuel Antonio	STCP01	Patronaxe e moda	Inglés
		SQUI02	Química industrial	Inglés
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	SMAM01	Deseño e amoblamento	Portugués
36019529	IES Ribeira do Louro	SCOM02	Comercio internacional	Inglés
		SADG01	Administración e finanzas	Inglés
		MADG01	Xestión administrativa	Inglés
36020064	CIFP Carlos Oroza	SHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Inglés
		SHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos (*)	Inglés
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	SADG01	Administración e finanzas	Inglés

(*) Ciclos formativos de formación profesional dual.

